

15. BIOTECNOLOXÍA



1. QUE É A BIOTECNOLOXÍA?

COMO SE TRABALLA EN ENXEÑARÍA XENÉTICA?

O ADN recombinante reúne ADN de diferentes organismos.

A través da clonación obtéñense múltiples copias dun xene.

A PCR clona ADN.

Transcripción inversa

CRISPR/Cas 9 permite editar o ADN.

2. APLICACIÓNS DA BIOTECNOLOXÍA

Médica

A insulina foi a primeira proteína humana obtida por IX.

A medicina personalizada permite tratamentos máis eficaces

A terapia xénica permite eliminar enfermidades xenéticas.

Biotechonoloxía Agrogandeira.

Animáis transxénico. Clonación

3. A XENÓMICA E A PROTEÓMICA

O Proxecto xenoma Humano secuenciou o ADN humano.

Un paso máis adiante con Encode

Despois da xenómica vén a proteómica.

4. MICROBIOLOXÍA INDUSTRIAL

Alimentación.

Antibióticos.

Industrial e ambiental.

5. BIOÉTICA

15.1 BIOTECNOLOXÍA. ENXEÑERÍA XENÉTICA.

A **Bioteecnoloxía** é toda aplicación tecnolóxica que utilice organismos vivos, os seus derivados, ou calquera sistema biolóxico para a creación ou modificación de produtos ou procesos útiles.

A biotecnoloxía non é unha disciplina actual; os procesos de fermentación para a produción de pan, bebidas alcohólicas ou iogur coñécense dende tempos antigos.

Perodende os anos 50, grazas aos avances na bioloxía celular e na xenética molecular, abríronse novas vías de investigación, entre as que destaca pola súa importancia a **enxeñería xenética**: o conxunto de técnicas que permiten manipular o xenoma dun ser vivo.



Figura 15.1. Un proxecto de AT Estévez, que propón a xeración de árbores luminiscentes que iluminan as nosas rúas.

Fonte: <https://economiaurbana.wordpress.com/2009/11/23/genetic-architectures/>

Labregos e gandeiros levan séculos manipulando animais e plantas domésticos, mediante a reprodución selectiva, para mellorar determinadas características, pero a enxeñaría xenética ten varias vantaxes sobre estas técnicas tradicionais. En plantas e animais pódense introducir alelos específicos ou xenes completamente novos, o que reduce o tempo de espera para lanzar novas variedades ou razas útiles, e tamén permite combinar xenes entre diferentes especies (evolución horizontal), imposible cos métodos clásicos de hibridación. Ademais, noutros permite novas aplicacións relacionadas coa saúde, a protección ambiental, ...

Algúns dos **conceptos ou técnicas** da enxeñería xenética son:

ADN recombinante: é unha molécula de DNA formada pola unión artificial de DNA de dous organismos diferentes. A obtención de ADN recombinante é unha das técnicas de manipulación do ADN máis utilizadas.

Clon: copia idéntica dunha molécula, dunha célula ou dun organismo.

Organismo transxénico: incorporan no seu xenoma de forma estable ADN procedente de outras especies.

GMO: organismo xeneticamente modificado.

Célula transformada: célula que contén e expresa ADN foráneo.

Vectores: elementos que serven para introducir xenes estraños en células hospedadoras .

Encimas de restrición: encimas endonucleases que cortan o ADN en puntos concretos (secuencias específicas).

A reacción en cadea da polimerase (PCR) É unha técnica *in vitro* que permite obter moi rapidamente un número elevado de copias dun fragmento de ADN determinado.

Tecnoloxía CRISPR/Cas. É a técnica de edición xenética máis precisa que se coñece neste momento.

15.2 O ADN recombinante

Como o seu nome indica o **ADN recombinante** é o resultado da unión de fragmentos de ADN sintético ou de diferentes organismos. Como todos os seres vivos almacenan información xenética no ADN, coa mesma estrutura e o mesmo código xenético, este ADN pode introducirse nunha célula e expresarse, producindo proteínas. O organismo no que se introduce é un organismo transxénico ou modificado xeneticamente (GMO).

Emprégase para obterse na produción de proteínas como **insulina**, **hormona de crecemento**, factor de coagulación. Tamén na produción de vacinas, fármacos, encimas e plantas e animais transxénicos...

As ferramentas básicas para manipular moléculas de ADN son as encimas, neste caso, para obter ADN recombinante son necesarias polo menos encimas de restrición e ADN ligases.

Os **encimas de restrición** funcionan como tesoiras moleculares, son endonucleases que cortan a cadea de ADN en secuencias **específicas**, en moitos casos palindrómicas, (é igual se a lemos en dirección 5'→3' nunha cadea ou en dirección 5'→3' na cadea complementaria) . Descubertos en bacterias, coñécense agora máis de mil encimas de restrición diferentes, cada un deles específico para unha determinada secuencia. Moitas encimas de restrición funcionan en zigzag, deixando cadeas con lonxitudes desiguais; **bordos cohesivos** complementarios, polo que hibridarán, formando pontes de hidróxeno, con outros extremos de ADN cortados co mesmo encima.

Po último, os ADN **ligases** unen os fragmentos de cadeas de ADN con enlaces fosfodiéster.

Deste xeito, pódense cortar e unir fragmentos de ADN de distinta orixe formando ADN recombinante, que despois será introducido nunha célula hóspede.




Figura 15.2. Tecnoloxía do ADN recombinante. Fonte: <https://fernandogs97.wordpress.com/2013/18/01/como-modificar-o-ADN-dun-organismo/> e Proxecto Biosfera .

- ✚ En primeiro lugar, córtase o ADN de dous organismos diferentes co mesmo encima de restrición (EcoRI, por exemplo).
- ✚ En segundo lugar, obtéñense fragmentos de ADN con extremos cohesivos complementarios en cada unha das moléculas.
- ✚ En terceiro lugar, os fragmentos de ADN obtidos póñense en contacto, hibridan e sométense ao encima ADN ligase, formando unha molécula de ADN recombinante, que contén ADN dos dous organismos.

vector de clonación.

Elementos que serven para introducir xenes estraños en células hospedadoras. A Selección do vector realízase segundo o tamaño as características do xene a transferir e da célula que se quere modificar: se é procariota, eucariota, de lévedo, animal, vexetal,...

Xene que queremos clonar + DNA vector = DNA recombinante

Os vectores máis utilizados son:

- Plásmidos
- Bacteriófagos.
- Outros tipos de virus segundo a célula a modificar.
- Outros: YACs (cromosomas artificiais de lévedos)
- A introdución de xenes pódese realizar tamén por métodos físicos e químicos que modifican a permeabilidade da célula como microinxeccións, electroporación, liposomas...

Mediante a clonación obtéñense múltiples copias dun xene


Para obter copias do xene ou secuencia *in vivo*, o ADN recombinado pode introducirse nunha bacteria, a **célula hóspede**, e a maquinaria desta célula hóspede utilízase para replicar o ADN obtido. Dado que as bacterias se multiplican rapidamente formando un clon, esta técnica chámase **clonación de ADN**.

Para introducir ADN na célula hóspede é necesario un **vector de clonación**, en procariotas os máis utilizados son **plásmidos**, pequenas moléculas de ADN circulares que poden replicarse independentemente do ADN cromosómico bacteriano e algúns tipos de virus como os bacteriófagos.

Os hóspedes transxénicos máis utilizados son as células procariotas: *Escherichia coli*, *Bacillus subtilis*, etc ou células eucariotas como *Saccharomyces cerevisiae*, moi utilizado pola súa rápida velocidade de crecemento.

O proceso de clonación dun xene en bacterias, que inclúe as seguintes etapas:

- Obtención do fragmento de ADN problema, que contén o xene a clonar.
- Elección dun plásmido bacteriano. O plásmido elixido debe incorporar un **xene** de fácil detección denominado **marcador**, que xeralmente é un xene de **resistencia** a un antibiótico.
- Formación do plásmido recombinante. Utilízase o mesmo encima de restrición para cortar o ADN do plásmido e o xene a introducir e únense ambos fragmentos coa ADN ligase
- Para incorporar o plásmido recombinante, incúbanse bacterias capaces de captar ADN do exterior. Este proceso, chamado **transformación**, é un mecanismo de intercambio xenético que permite a entrada de ADN exógeno nas bacterias.



Imaxe 15.3. Esquema dun proceso de clonación de ADN con *Escherichia coli* para a produción de insulina.

Fonte: https://www.ied.edu.hk/biotech/eng/classrm/class_health5.html. Fonte: <http://www.argenbio.org/index.php?action=novedades-e=151>

Normalmente non todas as células do cultivo bacteriano incorporan o plásmido recombinante. Para seleccionar as bacterias transformadas, engádese ao medio de cultivo o antibiótico que coincida co do marcador. As bacterias que sobrevivan serán as que incorporasen o plásmido e, polo tanto, o xene que queremos clonar. Noutros casos o marcador é un xene que produce unha molécula luminiscente. Ao mesmo tempo que as bacterias se duplican, tamén se duplica o número de plásmidos recombinantes e o xene que inseriron.

Por último, obtense unha colonia bacteriana na que haberá millóns de copias, illanse os plásmidos recombinantes e obtense copias do xene de interese.

Como veremos máis adiante, esta técnica non só serve para clonar ADN senón tamén para obter, grazas á expresión dos xenes clonados, o **produto** xerado polo devandito xene.

A insulina foi a primeira proteína humana obtida por IG

Un dos logros máis importantes da biotecnoloxía foi a produción de hormonas con técnicas de enxeñaría xenética. Ata 1982, os diabéticos tiñan que inxectar insulina de vaca ou porco, pero a insulina de porco difire da insulina humana nun aminoácido e, como non son idénticos, o seu uso producía efectos secundarios. A solución foi a produción de insulina humana por *Escherichia coli* que se insire mediante enxeñaría xenética o xen humano que produce insulina.

A **insulina**, **interferón**, **hormona de crecemento ou factor VIII da coagulación** son exemplos de péptidos e proteínas que actualmente se fabrican mediante enxeñaría xenética. Os xenes necesarios para fabricar estas proteínas introdúcese nos microorganismos, normalmente en **bacterias**, que os fabricarán en grandes cantidades a baixo prezo e sen riscos. Tamén se poden introducir xenes nas bacterias para fabricar outros medicamentos como **antibióticos**, **vacinas**, **anticorpos**...

15.3 A reacción en cadea da polimerase (PCR).

A **reacción en cadea da polimerase (PCR)** é unha técnica que permite obter rapidamente múltiples copias de ADN *in vitro* (nun tubo de ensaio).

Para facelo engádense os seguintes compoñentes:

- A mostra de ADN a amplificar.
- Cebadores: pequenas cadeas de nucleótidos complementarias aos extremos do xene que queremos copiar.
- Os catro tipos de dNTP son os desoxirribonucleótidos trifosfatos (dATP, dGTP, dCTP, dTTP).
- Unha ADN polimerase resistente á calor obtida a partir de bacterias termófilas (*Thermus aquaticus* Taq-polimerase).



Figura 15.4. Os tubos Eppendorf son os máis utilizados nos traballos de bioloxía molecular e bioquímica.

Imaxe 15.5. O termociclador é o encargado de realizar os cambios de temperatura necesarios na PCR.




A PCR segue un proceso cíclico que repítese obténdose múltiples copias do ADN :

Fase de **desnaturalización**. Quéntase a mostra (95°C), o que provoca a desnaturalización do ADN, e así separa as dúas cadeas de nucleótidos.

Fase de **aliñamento**. A mostra arrefríase (55°C) para permitir que os cebadores se unan ás secuencias complementarias de cada unha das cadeas de ADN separadas.

Fase de **elongación ou extensión**. A temperatura elévase un pouco, para que a polimerase comece a funcionar. Tomando o cebador como punto de partida, forma unha cadea complementaria as existentes.



Imaxe 15.6.


O quecemento e o arrefriamento repítese moitas veces; Cada ciclo dura de 2 a 3 minutos e duplica a cantidade de ADN existente, polo que despois dunhas horas hai millóns de copias de ADN. O proceso realízase automaticamente.

As **aplicacións da PCR** son múltiples, xa que permite obter múltiples copias a partir dunha pequena mostra de ADN:

- Amplificacións de ADN para todo tipo de estudos evolutivos ou paleontolóxicos.
- Obtención da pegada xenética do ADN en medicina legal, probas de paternidade, etc.
- Detección de ADN para probas de diagnóstico, por exemplo, detección de virus en fases iniciais da infección.

15.4 TECNOLOXÍA DO ADNc COMPLEMENTARIO

O ADN complementario (ADNc) é un ADN de dobre cadea, formado a partir dunha molécula de ARNm.




Prodúcese grazas a **transcriptase inversa o reversotranscriptase**, un encima presente nos retrovirus. Ten moita importancia en células eucariotas porque o ADN destas células ten segmentos que non codifican proteínas e que se eliminan durante o proceso de maduración do ARNm. Polo tanto a utilización do ARNm para illar un xene presenta a vantaxe de non obter intróns que si están presentes no ADN.

Utilízase en enxeñaría xenética para proporcionar clons de diferentes xenes.

Os investigadores prefiren usar o ADNc en lugar do propio ARNm porque os ARN son menos estables que o ADN e non hai técnicas rutinarias para amplificar e purificar as moléculas de ARN individuais. Por exemplo, para facer a PCR para a detección do COVID (virus de ARN), emprégase primeiro esta técnica.

Permite elaborar bibliotecas de xenes, colección de fragmentos de ADN clonados (CLONACIÓN MOLECULAR) dun organismo, tecido, órgano ou tipo celular específico. Se se representan todos os xenes dun organismo denomínase biblioteca xenómica.

15.5 CRISPR/Cas 9




A tecnoloxía CRISPR/Cas9 utilízase para **editar o xenoma** de calquera célula. Trátase dunhas tesoiras moleculares capaces de cortar a molécula de ADN de xeito preciso e controlado, permitindo eliminar ou insertar os fragmentos que se desexe.

O acrónimo CRISPR procede Repeticións palindrómicas curtas agrupadas e regularmente espazadas. Cas9 é o nome dunha serie de proteínas, principalmente endonucleases, asociadas a estas secuencias (CRISPR).

O sistema CRISPR/Cas9 foi descuberto en procariotas, (Francis Mojica da Universidade de Alicante), é un sistema defensivo, que recoñece o ADN viral e o inactiva. Cada repetición vai seguida de pequenos segmentos de "ADN espaciador" procedentes de fagos que atacaron á bacterias no pasado, asociado

frecuentemente con xenes cas que codifican as endonucleases. Se a infección se repite a bacteria copia o ADN espaciador nun ARN que se asocia a endonuclease (Cas9) o que lles permiten recoñecer o ADN do fago e cortalo.



O sistema CRISPR/Cas9 consiste basicamente nunha **guía de ARN**, que é a transcrición do ADN que se quere modificar, asociada a **endonuclease** (Cas) que unha vez atopada a secuencia, corta a cadea de ADN buscada, permitindo cambiala por outra ou eliminala. Pódese aplicar en case calquera situación na que se desexa modificar a secuencia de ADN.

A tecnoloxía CRISPR/Cas está a experimentar un rápido desenvolvemento e expansión.


A técnica CRISPR/Cas é **barata** e sinxela de

usar, actualmente está dispoñible en practicamente todos os laboratorios de xenética do mundo.

Aplicacións de CRISPR/Cas 9

As aplicacións son moi diversas, xa que podería utilizarse en case calquera situación na que o material xenético necesite ser modificado.

As súas perspectivas no **campo da medicina** son amplas, CRISPR/Cas9 ten un enorme potencial para ser utilizado na **terapia xénica** para corrixir diversas enfermidades que teñen unha causa xenética, como as enfermidades monoxénicas ou o cancro; na detección, cura ou transmisión de **enfermidades infecciosas**, como a hepatite B e o VIH e na **investigación**, xa permite estudar as enfermidades humanas en animais.



Enfermidades xenéticas

A terapia xenética estase investigando para a cura de **enfermidades monoxénicas**, fundamentalmente nas células sanguíneas (porque hai unha maior facilidade de extraelas e modificalas) ou hematopoiéticas xa que perduran as células modificadas. Un exemplo prometedor é a terapia baseada no transplante de células nai hematopoiéticas corrixidas por CRISPR/Cas9 en pacientes con **anemia falciforme** e beta talasemia, enfermidades causadas por mutacións no xene da hemoglobina. A través de CRISPR/Cas9, os científicos puideron editar o xene HBB nas células dos pacientes e restaurar a función normal da hemoglobina.

Diferentes estudos en ratos demostraron o potencial de CRISPR/Cas9 para corrixir algúns

tipos xordeira, a distrofia muscular, a hemofilia ...

Cancro


- Hai estudos que utilizan o sistema CRISPR/Cas9 para editar ou **eliminar mutacións** en xenes (oncoxenes e protooncoxenes) que provocan esta proliferación celular incontrolada e poden producir cancro .
- Ademais víronse resultados prometedores en estudos clínicos que utilizan CRISPR/Cas9 para a inmunoterapia de pacientes con cancro. Eses estudos eliminaron as células inmunitarias do paciente con cancro, alteraron esas células in vitro mediante CRISPR/Cas9 (**células T ou células CAR-T**) e despois reintroducíronas no corpo do paciente.

Enfermedades infecciosas

- Alteración dos **xenes que confiren resistencia ao virus**. O xene CCR5, codifica unha proteína que actúa como receptor nas membranas celulares, e produce resistencia á infección por virus VIH.
- Outras investigacións exploran a aplicación terapéutica de CRISPR/Cas9 en outras enfermidades producidas por virus como a gripe, ou virus respiratorio sincitial
- CRISPR/Cas9 demostrou ser moi eficaz nun estudo que combinou a técnica de edición de xenes cunha terapia antirretroviral que **suprime a replicación do virus** lentamente no organismo. Consegue editar o xenoma das células "reservorio" do virus VIH, que están latentes . No estudo, os científicos lograron eliminar o virus VIH en ratos infectados.
- Ademais, varias des estas infeccións virais, como o virus da hepatitis B (VHB), e o virus do papiloma humano (VPH), están relacionadas co desenvolvemento dalgúns tipos de **cancro**, como o fígado e o cervix. Varios estudos tamén utilizaron CRISPR/Cas9 como estratexia para tratar estes tipos de cancro, mediante a inactivación do xenoma do virus ou a inhibición da súa replicación.
- Tamén se investiga o seu uso para **modificar o mosquito** transmisor da malaria.

Animais transxénicos para usos médicos

- **Xerar modelos animais** para un estudo máis eficaz das enfermidades.
- Por exemplo, os modelos de rato (ratos knockout e knock) suprímense ou insírense xenes e permiten coñecer o papel destes xenes nas enfermidades. Por exemplo, o efecto das mutacións no cancro en xenes supresores de tumores ou en oncoxenes.
- Modelos de roedores modificados xeneticamente para probar tratamentos e vacinas contra o COVID. A estes animais introdúcese, mediante a tecnoloxía CRISPR, o xene humano que



produce a porta de entrada ao virus.

• Xenotransplantes.

Modificar órganos animais para suprimir xenes que codifican antíxenos, eliminar ADN vírico e inserir xenes humanos para que os órganos podan utilizarse en transplantes

Probas diagnósticas

Estase investigando o seu uso en probas diagnósticas para a detección de cancro en fase inicial ou enfermidades infecciosas como un test rápido para a detección da tuberculose.

Na **agricultura e gandería** poderíanse xerar variedades equivalentes ás dos transxénicos.

15.6 APLICACIÓN DA BIOTECNOLOXÍA

As técnicas biotecnolóxicas empréganse en diferentes tipos de industrias e sectores económicos. Hai cinco áreas principais :



- Biotecnoloxía aplicada **á medicina**, estudo e tratamentos de enfermidades, creación de novos fármacos, ...
- Sector **agroalimentario**. Inclúen a creación de novas variedades de plantas ou animais de interese agrícola, a produción de biofertilizantes e biopesticidas, o cultivo in vitro e clonación de vexetais.
- Aplicacións da biotecnoloxía ao **medioambiente**
- **Biotecnoloxía industrial**. Esta rama da biotecnoloxía presta especial atención ao deseño de procesos e produtos que consuman menos recursos que os tradicionais, facéndoo máis eficientes enerxéticamente ou menos contaminantes. Son numerosos os exemplos como o uso de microorganismos para a elaboración de produtos químicos, produción de novos materiais de uso cotián (plásticos, téxtiles...) e o desenvolvemento de novas fontes de enerxía sostibles, como por exemplo biocombustibles.

Imaxe 15.12. Os diferentes campos de aplicación da biotecnoloxía.

Fonte: <http://revistavolarcolombia.com/estilode-vida/tecnologia/colombia-le-apuesta-la-biotecnologia/>


A biotecnoloxía aplicada a medicina

Ademais das xa vista :

- **Obtención de produtos** farmacéuticos como vacinas, anticorpos monoclonais, hormonas, novos fármacos como antibióticos, antitumorais, etc. (ADN recombinante)
- **Técnicas** moleculares de **diagnóstico**, como **biochips** de ADN para detectaren enfermidades xenéticas.
- Terapia **rexenerativa** celular que se basea en cultivos de **células nai** para rexenerar tecidos e órganos
- Uso de **animais transxénicos** que levan xenes humanos para fabricar órganos que poidan ser transplantados a humanos co menor rexeitamento posible (porcos principalmente). (CRISPR)

A medicina personalizada permite tratamentos máis eficaces

A medicina actual trata de desenvolver unha medicina personalizada, con fármacos específicos dirixidos a dianas moi concretas e a aplicación de cada fármaco segundo o paciente. Trátase de determinar o mellor que fármaco escoller, cal é a dosificación adecuada e canto tempo debe durar o tratamento.




Imaxe 15.13. Esquema dunha análise de biochip de ADN. Fonte: el gen curioso

Para iso é necesario probas de diagnóstico precisas para a detección de biomarcadores

- Un exemplo das probas de diagnóstico que permiten unha medicina personalizada son os **biochips de ADN** que permiten analizar grandes cantidades de ADN. Son pequenas placas que conteñen centos de secuencias de ADN colocadas en pequenas caixas, sobre as que se colocan pingas de sangue ou saliva que levan o ADN problema e que permiten detectar rapidamente o grao de expresión dun xene que provoca unha enfermidade. Isto permite dividir os pacientes segundo a súa resposta a un determinado tratamento, seleccionando individuos que respondan ben ou excluindo aqueles que terán un efecto adverso.
- Como exemplo de medicina personalizada, cabe mencionar os novos tratamentos para **cancro**, dado que na actualidade pódense coñecer as características do tumor que sofre cada paciente e xa existen produtos específicos para diferentes variantes moleculares dos cancros de mama, pulmón, colon, pel e sangue.

Neste sentido, a medicina personalizada é máis **eficiente**, identificando grupos de pacientes que poden beneficiarse de medicamentos mellor deseñados, evitando algúns dos efectos secundarios asociados á quimioterapia e aforrando un tempo valioso cun tratamento axeitado nunha fase inicial. Por exemplo, o cancro de mama é o tumor máis común en mulleres occidentais. En España diagnósticanse ao redor de 25.000 novos cancros de mama ao ano, calcúlase que 1 de cada 8 mulleres terá cancro de mama ao longo da súa vida, pero o cancro de mama non é unha, senón moitas enfermidades diferentes. Por iso, son moi útiles os biochips de ADN para saber se portan o xene que desencadea un tipo específico de cancro.

O uso de **marcadores** ou sinais **xenéticos**, emprégase tamén en **investigación policial e medicina legal** para a identificación de presuntos sospeitosos, en probas de paternidade e en estudos históricos e arqueolóxicos onde se investiguen restos humanos. A comparación de marcadores xenéticos entre unha mostra coñecida e unha mostra descoñecida permítenos determinar se ambas mostras están relacionadas. Tamén se usan para mapear o xenoma e identificar os xenes de interese.



A terapia xénica permite eliminar enfermidades xenéticas

Entre as **6.000 enfermidades xenéticas** coñecidas, o xene causante xa se coñece por máis de 2.000. Polo tanto, na actualidade (2016) existen máis de 2.000 tipos diferentes de probas xenéticas, que permiten analizar no laboratorio se o xene está presente no xenoma do paciente. Pero a lista de probas xenéticas dispoñibles está en constante crecemento grazas aos avances na investigación xenética. Ademais da técnica da CRISPR, xa vista, pódense modificar as células utilizando un vector viral como na inmunodeficiencia conxénita nos nenos burbulla.


Imaxe 15.14. Fases para o tratamento con terapia

xénica ex vivo e in vivo. Fonte: <http://www.fundacionmencia.org/es/enfermedades-geneticas/terapia-genica/>

Bioteecnoloxía aplicada o sector agroalimentario.

Como xa se comentou ao inicio do tema, a bioteecnoloxía aplícase dende o comezo da gandería e a agricultura, o home seleccionou e modificou plantas e animais segundo as súas propiedades e estes son actualmente moi diferentes dos seus antepasados silvestres.

A obtención de variedades de plantas e animais polos métodos tradicionais baséanse na **reproducción selectiva**: o cruzamento entre individuos (dunha mesma especie) e a selección de exemplares que presenten as características desexadas, esta selección repítese sucesivamente para conseguir, a variedade final.



Este proceso de xeración de novas variedades foi (e segue a ser) moi útil e deu lugar ás variedades que se crían ou cultivan na actualidade.

A finais da década de 1920, os investigadores descubriron que se podían obter mutacións expoñendo as plantas a **axentes mutaxénicos** físicos (raios X e gamma etc.) ou químicos (etilmetanosulfonato, azida de sodio, etc.) Estas mutacións ocorren de forma aleatoria no xenoma e xeran unha gran variabilidade que pode provocar a aparición de características interesantes, que son seleccionadas. Así se obtivo o pomelo rosado a partir do pomelo branco mutaxenizado pola radiación. Hai máis de 2.000 especies vexetais consumidas no mundo que foron melloradas nalgún momento por mutaxénese, entre elas trigo, arroz, leitugas, xudías, etc.

A biotecnoloxía agrícola e gandeira actual aplica técnicas e ferramentas procedentes da bioloxía molecular e a xenética para mellorar a produción de cultivos, e a gandaría. Búscase desenvolver novas variedades de plantas e animais con características melloradas, como maior **resistencia ás enfermidades**, e as condicións adversas como a **seca e o frío**, maiores rendementos, menores costes, e mellor **calidade nutricional**. Tamén se busca mellorar as técnicas de produción e xestión para reducir o seu **impacto ambiental**.


Exemplos de biotecnoloxía na agricultura

- Millo híbrido

As sementes híbridas (coñecidas como sementes F1) prodúcese cando unha planta fertiliza outra que non está xeneticamente relacionada coa primeira. As plantas híbridas presentan:

- Máis resistencia a diversas pragas e enfermidades grazas ao maior vigor dos froitos.
- Maior rendemento e calidade dos grans.
- Crecemento máis rápido, o que se traduce nunha maior produtividade

Pola contra a gran maioría dos casos as plantas híbridas non teñen descendencia fértil, as sementes que



obteñamos destas plantas serán difíciles de xerminar, ou o farán, dando como resultado unha planta cunhas características moi diferentes ás da predecesora (F2). Polo tanto hai que comprar sempre a semente que é máis cara.

Nota: Algunhas froitas sen pebidas como as sandías ou as uvas son híbridos.

- Resistencia a enfermidades.

A **micropropagación** consiste en tomar pequenas seccións de tecido vexetal ou estruturas como xemas, e cultivalas en condicións artificiais para rexenerar plantas enteiras. A micropropagación é especialmente útil para conservar plantas valiosas, acelerar a mellora vexetal e obter abundante material vexetal para a investigación. No que respecta aos cultivos e especies hortícolas, a micropropagación é actualmente a base dunha ampla industria.

A produción de plátanos está a diminuír en moitas rexións debido a problemas de pragas e enfermidades que non se poden resolver satisfactoriamente mediante pesticidas debido ao seu custo e aos seus efectos negativos sobre o medio ambiente.

Estes problemas agrávanse porque o plátano reproducese por

clonación polo que o uso de plantas nai enfermas produce descendencia enferma.

En Kenia, foi posible cultivar tecido de xemas terminais tratadas termicamente para destruír os organismos infecciosos e producir por micropropagación plantas fillas sans . Unha soa sección de tecido pode producir ata 1.500 novas plantas durante dez ciclos de rexeneración. Ten a vantaxe de ser unha tecnoloxía relativamente barata e de fácil aplicación.

Exemplos de biotecnoloxía na gandería.

A biotecnoloxía utilízase no diagnóstico de enfermidades, produción de vacinas , melloras na alimentación do gando...

- A **selección de variedades de animais** veuse favoreceu a través de prácticas como a inseminación artificial, a transferencia de embrións, a fecundación in vitro, e a cartografía xenética.
- Mediante biotecnoloxía prodúcense complementos para a **nutrición animal** como encimas, probióticos, proteínas e antibióticos para pensos que se usan amplamente en sistemas de produción intensiva de todo o mundo.
- Na vacas estase a utilizar a **somatotropina recombinante**, que produce un aumento da produción de leite e vacas e crecemento acelerado

- Mellora da saúde animal e seguridade alimentaria.

As **vacinas** producidas por métodos tradicionais tiveron un gran impacto na loita contra moitas das enfermidades do gando, pero grazas á enxeñaría xenética, estanse a desenvolver vacinas recombinantes máis eficaces que poden producirse a gran escala permitindo campañas de vacinación masiva.


Ademáis, a biotecnoloxía ofrece **probos precisos de diagnóstico** para detectar e identificar patóxenos, xa que as enfermidades vexetais e animais as veces son difíciles de diagnosticar porque os síntomas poden ser enganosos ou mesmo estar completamente ausentes ata que se producen danos importantes.

A análise molecular dos virus da **peste bovina** foi fundamental para o éxito do Programa de erradicación da peste bovina mundial. O mundo está agora practicamente libre de peste bovina (o seu último punto quente é o ecosistema pastoril somalí, no nordeste de Kenia e sur de Somalia) . O obxectivo dun mundo completamente libre de peste bovina está ao noso alcance. A peste bovina sería a segunda enfermidade erradicada en todo o mundo, despois da varíola

ANIMAIS E PLANTAS TRANXÉNICOS.

Como xa vimos os organismo transxénicos incorporan no seu xenoma de forma estable ADN procedente de outras especies.

O obxectivo é o mesmo que os primeiros agricultores: producir cultivos ou animais superiores. Coa selección convencional é un proceso lento, xa poden pasar moitas xeracións antes de atopar a combinación desexada de características, e tempos poden ser moi longos, especialmente no caso de cultivos de plantas perennes como árbores e algunhas especies animais.



Os tranxénicos ofrecen unha gran **vantaxe**: os xenes que se van incorporar poden proceder de calquera especie, emparentada ou non (por exemplo, un xene dunha bacteria pódese incorporar ao xenoma da soia).

Con esta tecnoloxía é posible incorporar características que non existen nunha determinada especie, obtéñense de novas variedades de plantas e animais dun xeito máis rápido e preciso.


O inconveniente é que necesítase alta tecnoloxía e son procesos caros. No caso das sementes, adoitan ser creadas por grandes empresas como Monsanto ou Bayer, e están patentados, polo que só elas poden comercializalas e a extracción de sementes é ilegal.

O inconveniente é que estas variedades representan una ameaza para la conservación de las razas locais

Aínda que o xene de interese pode ser de calquera orixe, sempre debe ir acompañado de elementos que permitan a súa correcta expresión na planta hóspede (é dicir, a proteína pódese obter a partir do xene e, polo tanto, a característica desexada). Para iso o xene de interese, debe estar acompañado de **rexións reguladoras**, un promotor (que asegura o inicio da expresión) , e un terminador (que garante a correcta terminación da mensaxe). O xene coas rexións reguladoras insírese nun vector, que depende do método de transformación elixido.

Plantas transxénicas.

